

MANUAIS PARA O CUMPRIMENTO DA
CONDICIONALIDADE

EETs



XUNTA DE GALICIA

1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

REQUISITO 1: Non utilizar, nas explotacións de ruminantes, produtos que conteñan proteínas animais transformadas procedentes de animais terrestres, nin de pescado, nin produtos derivados de subprodutos de orixe animal (Categorías 1, 2, 3) coas excepcións previstas no Anexo IV do Regulamento (CE) nº 999/2001.

REQUISITO 2: Non utilizar, nas explotacións doutros animais produtores de alimentos distintos dos ruminantes, produtos que conteñan proteína animal transformadas procedentes de animais terrestres, nin produtos derivados de subprodutos de orixe animal (Categorías 1, 2, 3), coas excepcións previstas no Anexo IV do regulamento.

REQUISITO 3: No caso das explotacións mixtas nas que coexistan especies de ruminantes e non ruminantes e se utilicen pensos con proteínas animais transformadas destinadas á alimentación de non ruminantes, existe

separación física dos lugares de almacenamento dos pensos destinados a uns e outros.

REQUISITO 4: Notificar aos Servizos Veterinarios Oficiais as sospeitas de casos de EET, e cumprir as restricións que sexan necesarias.

REQUISITO 5: Dispor da documentación precisa para acreditar os movementos e o cumprimento da resolución que expida a Consellería do Medio Rural e do Mar, cando esta sospeite a presenza dunha encefalopatía esponxiforme transmisíbel na explotación.

REQUISITO 6 : Dispor de documentación precisa para acreditar os movementos e o cumprimento da resolución que expida a Consellería do Medio Rural e do Mar, cando esta confirme a presenza dunha encefalopatía esponxiforme transmisíbel na explotación.

REQUISITO 7 : Posuír os certificados sanitarios que acredite que se cumpre segundo o caso, o especificado nos Anexos VIII e IX sobre posta no mercado e importación, do Regulamento (CE) nº 999/2001.

REQUISITO 8: Non poñer en circulación animais sospeitosos ata que non se levante a sospeita pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

- **Regulamento (CE) 999/2001** polo que se establecen disposicións para a prevención, control e erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.
 - Artigo 7: Prohibicións en materia de alimentación animal.
 - Artigo 11: Notificación.
 - Artigo 12: Medidas relativas aos animais sospeitosos.
 - Artigo 13: Medidas conseguintes á confirmación da presenza de EET.
 - Artigo 15: Animais vivos, o seu esperma, os seus óvulos e embrións.

Normativa Nacional de referencia (segundo o Real Decreto 486/2009)

Lei 8/2003, de sanidade animal.
Real Decreto 3454/2000, polo que se establece e regula o Programa Integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais
Real Decreto 1911/2000, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coa encefalopatías esponxiformes trasmisibles..

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR		LIBRO DE REXISTRO DA EXPLOTACIÓN DENDE 10/03/2011 ATA 10/03/2014	
REGA:	ES000000000000	ESPECIE:	Bovina
		DATA IMPRESIÓN:	10/03/2014
Clasif. zootécnica	Rep. produción de carne	00000000A	XXXXXXXX XXXXXXXX, XXXXXX
Localización	XXXXXXXX		XXXXX, 00
Teléfono	000000000		000000 XXXXXXXX
Cualificación	Cualificada Sanitariamente		

Crotal	Sexo	Raza	D. Nacem.	Entrada	D. Entrada	Orixe	Baixa	D. Baixa	Destino
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	10/05/04	Nacemento	10/05/04				
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	19/04/10	Nacemento	19/04/10				
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	01/09/12	Nacemento	01/09/12				
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	02/04/11	Nacemento	02/04/11				
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	18/11/13	Nacemento	18/11/13				
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	03/01/14	Nacemento	03/01/14				
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	26/06/04	Nacemento	26/06/04				
ES000000000000	Macho	Conxunto mestizo	01/06/12	Nacemento	01/06/12		Saída	21/05/13	ES000000000000
ES000000000000	Macho	Conxunto mestizo	03/11/12	Nacemento	03/11/12		Saída	29/09/13	ES000000000000
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	14/06/10	Nacemento	14/06/10		Saída	29/05/11	ES000000000000
ES000000000000	Macho	Rubia galega	24/02/11	Nacemento	24/02/11		Saída	20/12/11	ES000000000000
ES000000000000	Macho	Conxunto mestizo	06/07/11	Nacemento	06/07/11		Saída	22/05/12	ES000000000000
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	06/03/12	Nacemento	06/03/12		Saída	13/01/13	ES000000000000
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	23/02/02	Nacemento	23/02/02		Saída	14/07/11	ES000000000000
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	03/02/13	Nacemento	03/02/13		Saída	26/01/14	ES000000000000
ES000000000000	Macho	Conxunto mestizo	01/12/11	Incorporación	16/01/12	ES000000000000	Saída	03/09/12	ES000000000000
ES000000000000	Macho	Rubia galega	08/08/10	Nacemento	08/08/10		Saída	21/06/11	ES000000000000
ES000000000000	Macho	Rubia galega	13/08/10	Nacemento	13/08/10		Saída	21/06/11	ES000000000000
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	05/06/03	Nacemento	05/06/03		Saída	11/07/13	ES000000000000
ES000000000000	Femia	Conxunto mestizo	15/06/03	Nacemento	15/06/03		Saída	11/07/13	ES000000000000

Libro dixital Oficina Agraria Virtual

2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. Non utilizar proteínas procedentes de animais, nin pensos que as conteñan, na alimentación de ruminantes.
2. Non alimentar aos animais de granxa (ruminantes e non ruminantes) con:
 - Proteínas animais elaboradas ou transformadas.
 - Xelatina procedente de ruminantes.
 - Produtos derivados do sangue.
 - Proteínas hidrolizadas.
 - Fosfato dicálcico e tricálcico de orixe animal.
 - Pensos que conteñan algún dos produtos anteriores.
3. Pode alimentar aos animais da granxa (ruminantes e non ruminantes) cos seguintes produtos:
 - Leite, produtos lácteos e costro.
 - Ovos e ovoprodutos.
 - Xelatina derivada de non ruminantes.
 - Proteínas hidrolizadas procedentes de partes de non ruminantes e de pelos e coros de ruminantes.
4. Os animais non ruminantes poderán consumir ademais, en determinadas condicións establecidas na normativa, as seguintes proteínas de orixe animal:
 - Fariña de pescado.
 - Fosfato dicálcico e tricálcico de orixe animal
 - Produtos derivado do sangue procedente de non ruminantes.
5. Respectar as especies e rango de idade dos animais de destino dos pensos indicados polo fabricante, e adquirir só pensos de fabricantes rexistrados e autorizados.
6. Almacenar fisicamente separados os pensos con proteína animal transformada destinados a animais da granxa non ruminantes dos pensos destinados a ruminantes, e os pensos para cans dos destinados a animais produtores de alimentos.
7. Notificar aos Servizos Veterinarios Oficiais, directamente ou a través do veterinario da explotación, calquera sospeita da existencia dun animal afectado por unha EET, cando presente anomalías nerviosas ou de comportamento, ou un

deterioro progresivo do seu estado xeral atribuíble a un trastorno do sistema nervioso central, e no exame clínico do animal non se poida establecer un diagnóstico doutra enfermidade.

8. Cumprir as restricións de movementos impostas polos Servizos Veterinarios Oficiais no caso de sospeita da existencia de EET nalgún animal da explotación, ata que se realicen os exames clínicos e epidemiolóxicos correspondentes.
9. Cumprir a resolución que expida a Consellería do Medio Rural e do Mar, se esta determina o sacrificio dun animal sospeitoso de EET, para proceder á toma de mostras e a análise no laboratorio.
10. Cando se confirme unha EET dun animal, cumprir as restricións de movementos que establezan os Servizos Veterinarios Oficiais, ata que se realicen os estudos dos restantes animais expostos a risco que existan na explotación.
11. Mentres permanezan as restricións de movementos, realizar todos os traslados de animais unicamente coa autorización dos Servizos Veterinarios Oficiais.
12. Gardar toda a documentación de entradas e saídas de animais na explotación.

13. No caso de que estea permitido, realizar todos os traslados de animais só cando vaian acompañados da documentación que acredite que cumpren os requisitos sanitarios axeitados.

14. Coñecer estas **definicións**:

- **Proteínas animais transformadas:** proteínas obtidas dos animais e sometidas a un tratamento autorizado que as faga aptas para o seu uso en pensos.
- **Xelatina:** proteína natural obtida do coláxeno producido a partir de osos, peles, tendóns e nervios dos animais.
- **Produtos derivados do sangue:** produtos obtidos do sangue dos animais, incluíndo plasma, sangue enteiro ou hematíes.
- **Proteínas hidrolizadas:** mesturas de polipéptidos, péptidos e aminoácidos obtidos mediante a hidrólise de subprodutos animais.
- **Fariña de pescado:** proteína animal transformada derivada de animais mariños, con excepción dos mamíferos.



3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

Para acceder á Oficina Agraria Virtual, precisa un número de identificación persoal, que se lle facilitará na Oficina Agraria Comarcal.

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>).

